

## INFORME DE ACTIVIDADES 2017-2018

### 1 Biodiversidade

#### **Xuño 2017**

- Participamos na asemblea contra a eucaliptización do Morrazo.
- Elaboramos unha nota para a web sobre os lumes en Portugal
- Contactamos co Seprona para denunciar as obras no Lagares a altura de Cabral (Vigo).

#### **Xullo 2017**

- Participamos na roga e albaroque en Froxán e redactamos un texto para a web sobre a xornada.
- Analizamos o proxecto de campo de golf en Baredo (Baiona) con ARNSV e Salvemos Monteferro.
- Traballamos coa veciñanza de Cabral (Vigo) na oposición ao proxecto de área de ocio e comercial Porto Cabral. Preparamos un texto de resumo da situación e actividades feitas.
- Facemos unha nota de prensa sobre unha tala indiscriminada no río Breiro, en Boiro.
- Presentamos alegacións ao parque eólico Mouriños (Cabana de Bergantiños).
- Apoiamos a manifestación antitouradas de Pontevedra

#### **Agosto 2017**

- Denunciamos e seguimos o exceso de visitantes ás illas Cíes. Difundimos unha nota de prensa e subimos un texto para a web.
- Apoiamos a mobilización en Cabral, o 27 de agosto, contra o proxecto de Porto Cabral. Publicamos unha nota para na web sobre isto.

#### **Setembro 2017**

- Elaboramos unha nota para a web sobre a necesidade do PRUX para o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

- Facemos suxestións ao proxecto de modificación do decreto de aprobación da lei sobre montes veciñais en man común.
- Xuntámonos cos grupos políticos da oposición no Parlamento galego para tratar do proxecto do PP, á que logo sería a Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais. Este mes e até a celebración da manifestación do 22 de outubro o traballo sobre este tema será constante, en colaboración con ContraMINAcción e a plataforma creada especificamente para oporse a esta lei. Enviamos información ás socias sobre a lei e as mobilizacións previstas, así como unha campaña de recollida de sinaturas. Participamos na organización das mobilizacións, na elaboración dos materiais e textos, etc.
- Presentamos unha alegación contra o plan especial de dotacións e infraestruturas As Costeiras, do PXOM de Baiona, asociado ao proxecto de campo de golf en Baredo.
- Presentamos alegacións ao Plan Básico Autonómico e subimos unha nota á web para difundilas.
- Presentamos alegación ao PXOM provisional de Vigo (en fase de suxerencias).

## **Outubro 2017**

- Accións relativas á campaña contra a Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais:
  - Colaboramos nunha informativa en Ribeira.
  - Participamos na concentración diante do Parlamento galego.
  - Enviamos notas de prensa e para a web coas pílulas informativas sobre a lei e os seus efectos.
  - Elaboramos textos de apoio á campaña.
  - Manifestación en Compostela o 22-10-2017.
- Respostamos a unha consulta sobre a situación dos cabalos no monte en relación aos peches de arame.
- Colaboramos co Festival Transeuropa en Froxán.
- Subimos unha nota á web sobre a vaga de incendios dos días 14 e 15 deste mes.
- Entrevístannos en Radio Renascença para tratar sobre a vaga de incendios e a resposta social en Galiza.

- Asistimos á xuntanza no Parlamento organizada polo grupo En Marea para tratar a vaga de lumes e as medidas a esixir da Xunta.
- Iníciase o proceso de presentación do monte de Froxán a candidatura da European Outdoor Conservation Association (EOCA).
- Acudimos á xuntanza organizada por En Marea en Vigo sobre a vaga de lumes.
- Elaboramos un texto con consellos para restaurar zonas queimadas para a Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro.

### **Novembro 2017**

- Comunicamos a nosa colaboración na recollida de sinaturas para a ILP sobre os bosques autóctonos que está promover Cousa de Raíces, e que se iniciará nos seguintes meses.
- Asistimos ás xuntanzas do grupo creado en Vigo contra os lumes.
- Apoiamos unha campaña contra a modificación da Lei de Patrimonio Natural e da Biodiversidade que abriría a porta a especies exóticas invasoras con uso económico ou recreativo.
- Facemos achegas á campaña contra a vespa velutina, promovida pola AGA e SLG entre outros colectivos.
- Publicamos na web un texto con consellos para tratar os terreos queimados tras os lumes, que recolle a posición da Fundación Internacional para a Restauración de Ecosistemas, a Comisión Académica do Máster U. en Restauración de Ecosistemas (UAH, UCM, UPM e URJC) e a Rede de Investigadores Remedial.
- Contactamos cos partidos políticos da oposición para coñecer cal é a súa postura tras a aprobación da “lei de depredación”.
- Presentamos alegacións para ampliar o catálogo de árbores senlleiras galegas con algúns exemplares concretos (chegarán todas denegadas).
- Enviamos o noso apoio e asinamos o documento base da plataforma pola defensa do Sar en relación a súa oposición de instalación da nova EDAR de Compostela no lugar do Souto.
- Asistimos á reunión ordinaria do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas e a outra reunión extraordinaria para tratar sobre o proxecto de PRUX para o parque.
- Intervimos nun programa dunha radio libre granadina para falar sobre os lumes.

- Facemos achegas a unhas alegacións para solicitar a declaración de ENIL do sistema dunar da praia de Area Loura, en Nigrán.

### **Decembro 2017**

- Publicamos na web unha nota esixindo un proceso participativo na elaboración do PRUX do PN das Illas Atlánticas.
- Colaboramos na celebración dunha xornada en Vigo sobre a situación do monte e os lumes en Galiza.
- Difundimos a campaña de crowdfunding para a restauración do monte de Froxán.

### **Xaneiro 2018**

- Enviamos solicitude á empresa Lush, de cosmética natural, para acceder ao seu fondo solidario co proxecto das brigadas deseucaliptizadoras (a doazón será concedida).
- Entrevístannos na cadea Ser sobre os efectos das chuvias nas zonas queimadas.
- Participamos no inicio da plantación de árbores autóctonas do proxecto “No corazón unha árbore” en Froxán.
- Colaboramos nas xornadas “Alternativas sustentables para o monte do Futuro” e a presentación da ILP sobre o bosque autóctono en Ribeira.

### **Febreiro 2018**

- Difundimos a convocatoria dunha nova roga e albaroque en Froxán.
- Asistimos ás xuntanzas dos grupos de traballo de Cousa de Raices.

### **Marzo 2018**

- Difundimos a candidatura de Froxán aos fondos da European Outdoor Conservation Association.

## **2 Residuos**

### **Xaneiro 2017**

- Recibimos de Augas de Galicia a resolución da autorización de vertido á EDAR de Ribeira.

### **Outubro 2017**

- Presentamos unha denuncia polo vertido no río Listres dende a EDAR de Ribeira.

### **Marzo 2018**

- Facilitamos o contacto dunha persoa experta en tratamento e depuración de augas á plataforma contra o vertedeiro-planta de tecnosolos de Miramontes, Compostela.

## **3 Transporte e enerxía**

### **Setembro 2017**

- Publicamos na web o noso apoio á carta para defender unha vía verde Vigo-Pontevedra.
- Acudimos á xuntanza en Compostela de colectivos de ciclousuarias de Galiza.

### **Outubro 2017**

- Publicamos unha nota na web apoiando a denuncia internacional contra a axencia da ONU para a aviación, pola súa aposta polo biofuel.

Durante todo o período colaboramos na organización dos encontros ciclo-turistas que terán lugar en xullo de 2018 nas Rías Baixas.

## 4 Xustiza social

### **Xuño 2017**

- Damos o noso apoio ao CSOA Escarnio e Maldizer, ante o seu despexo e as posteriores actuacións policiais.

### **Setembro 2017**

- Publicamos na web o noso apoio á campaña da rede galega de apoio ás persoas refuxiadas, ante o incumprimento polo Estado español dos mínimos asignados por Europa en materia de acollida.

### **Novembro 2017**

- Apoiamos unha carta da COPINH sobre o asasinato de Berta Cáceres.

### **Febreiro 2018**

- Difundimos a convocatoria da folga de mulleres prevista para o 8 de marzo.
- Difundimos a convocatoria dunha xornada de debate sobre a sanidade pública en Rianxo.
- Publicamos unha nota na web crítica coa visita de Feijoo a Israel.

### **Marzo 2018**

- Participamos nun debate convocado polo observatorio de dereitos civís Esculca baixo o título “Dereitos en retroceso”, celebrado en Compostela.

## 5 Minaría

### **Outubro 2017**

- Recíbese a sentenza desestimatoria do Contencioso relativa ao proxecto mineiro de Picovello.

### **Decembro 2017**

- Solicitamos á Dirección Xeral de Minas información sobre as labores mineiras abandonadas.

### **Xaneiro 2018**

- Participamos nas xornadas sobre as repercusións da minaría en Touro.

### **Febreiro 2018**

- Participación nunha rolda de prensa para presentar á manifestación do día 25 de febreiro contra o proxecto mineiro de Touro - O Pino.
- Manifestación en Touro contra o proxecto mineiro de San Rafael – Atalaya Mining, 25-11-2018.
- Solicitamos información sobre o estado da antiga explotación mineira no Monte Neme (Carballo).

### **Todo o período**

O traballo máis continuado e denso foi o realizado en torno á actividade mineira de San Fins, en Lousame e ao proxecto de Touro – O Pino. Ademais de ser parte nun proceso xudicial aberto, solicitamos diversos expedientes e información sobre as mesmas, e en relación ás dificultades de acceso e trabas postas polas administracións, temos presentado queixas á Valedora do Pobo, a Comisión da Transparencia de Galicia e a organización de seguimento do convenio de Aarhus.

## **6 Litoral e mariña**

### **Xullo 2017**

- Redactamos un texto para a web sobre a concesión de bandeiras azuis a portos e praias.
- Publicamos na web unha crítica ao gasto excesivo de cartos en Punta Langosteira.

### **Agosto 2017**

- Difundimos na web o rexeitamento de varios grupos ecoloxistas e ambientalistas, entre eles Verdegaia, ao proxecto de declarar como praia canina a da Calzoa, en Vigo.

## **Outubro 2017**

- Publícase o informe Bandeiras Negras, de Ecoloxistas en Acción, co que colaboramos realizando a parte galega.

### **Outras actividades dentro da rede A Ría Non Se Vende (comarca de Vigo):**

- Resolvese ao noso favor o contencioso presentado na Audiencia Nacional polo DEUP (delimitación de espazos e usos portuarios) da Ría de Vigo. Estamos a espera de confirmar se a Avogacía do Estado presentou recurso de casación ante esta resolución.
- Continuíamos o contencioso na Audiencia Nacional Contra ASVISA (Astilleros de Vigo Sociedade Anónima), pola concesión para facer unha mariña seca na Foz do río Miñor, cun proxecto que carece de Estudo de Impacto Ambiental.
- Continuamos co contencioso ante o TSXG contra un cargadeiro de granito que afecta a Rede Natura na zona de San Simón e que ten solicitado que se lle conceda a ampliación para adicarse a máis tipos de mercadoría.
- Seguimos a participar da Plataforma en Defensa da Ría de Aldán.

### **7 Educación ambiental e consumo consciente**

- Asistimos ás xuntanzas do grupo para a elaboración dun Plan de Educación Específico para o Rural, convertido na Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural: en Boimorto (setembro 2017), Lugo (novembro 2017), e Lalín (marzo 2018).
- Damos o noso apoio a unha iniciativa de SEO/BirdLife para incluír a educación ambiental no currículo educativo básico (xaneiro 2018).
- Participamos no Foro Ecolóxico do Barbanza.
- Pertencemos a Fiare Banca Ética.



## **8 Outras actividades**

### **Xuño 2017**

- Presentamos alegacións para a declaración como BIC da Cova de Eirós.

### **Setembro 2017**

- Asistimos ao Consello Municipal de Medio Ambiente de Compostela.

### **Novembro 2017**

- Publicamos na web unha nota de homenaxe ao noso compañeiro Penín.
- Presentamos unha solicitude para a declaración como BIC de tres muíños no concello de Touro.